



Asociación Veciñal do Saviño . R/ Pardo Bazán nº 1 baixo . 27540 Escairón . O Saviño . Lugo
asociacionvecinaldosavinao@gmail.com web : aavvdosavinhao.org/nova

A Asociación Veciñal do Saviño , con NIF G 27401157 e inscrita co nº 13651 no rexistro de asociacións da provincia de Lugo , a través do seu presidente Francisco Nieves Rajo con DNI 37.293.664 S , diríxese ao Presidente da Xunta de Galicia facéndose eco do sentir dos nosos veciños e trasmitindo o descontento existente respecto dunha actuación da Consellería de Sanidade .

MANIFESTANDO :

Esta asociación ten coñecemento de que o noso Concello adoptou , o pasado 21 de abril , acordo plenario para o inicio dos trámites legais encamiñados a cesión do terreo público para a construción dun novo Centro de Saúde en Escairón . Ditos terreos figuran catalogados como Dotacional Deportivo na zona urbana , segundo as Normas Subsidiarias e de Planeamento que rixen no noso municipio dende 1984 .

Diante da gravidade destes feitos desexamos transmitir a oposición razonada ó referido acordo municipal, en base ós seguintes criterios :

I . A instalación dun edificio sanitario nun terreo destinado a usos deportivos é considerado polos veciños un expolio e un atentado urbanístico. Habrá que reducir substancialmente o parque biosaludable e a súa área recreativa , poboada dun bello platanar , o que reduce a zona verde municipal .

O conxunto formado polo entorno do edificio do concello , a carballeira centenaria da Devesa , o amplo complexo deportivo da Lama e a tonalidade verde dos seus horizontes , é a admiración dos nosos visitantes . A edificación proxectada romperá irremediabilmente a perspectiva dun dos parques naturais urbanos máis valorados da nosa provincia .

II . O terreo cedido para o novo centro médico atópase casi no fondo dunha conca na que afloran as augas pluviais e subterráneas do seu

entorno , convertíndose nos meses de inverno nunha verdadeira lagoa . Ademais aquel é un dos puntos de nacemento do río Pesqueiras . Cremos que é unha severa contradición arquitectónica xa que nesas condicións vai ser moi difícil aillar o edificio da humidade natural do lugar .

III . A traída de augas que se utiliza como supletoria para o abastecemento do pobo , quedará parcialmente baixo os cimentos do novo Centro Medico . Hai riscos de que o pozo do embalse de dita traída poida afectarse gravemente pola posibilidade de filtracións e vertidos accidentais de produtos nocivos e tóxicos propios da enfermería , ou por derrame de gasóleo da calefacción , ou por rotura das tuberías do alcantarillado . A inutilización desa fonte de augas para o consumo doméstico sería inevitable e conduciría á clausura do abastecemento pola autoridade sanitaria .

IV . A veciñanza considera que as carencias sanitarias do municipio non deben corrixiarse coa construción dun novo edificio sanitario , senón que bastaría coa instalación dun elevador , o adecentamento das actuais dependencias , e fundamentalmente coa dotación suficiente de persoal sanitario .

V . Para a asociación non é xustificable , nas circunstancias actuais , a inversión dun millón e medio de euros programados , máis os previsibles custos sobrevidos dos riscos antes comentados . Son razóns máis que convincentes cando as perspectivas demográficas do noso municipio , e en xeral da Galicia rural , condúcennos a unha inmediata despoboación .

Por todo o exposto

SOLICÍTASE :

Que previo estudo das condicións do lugar elexido se acorde :

1º . A denegación da instalación do novo Centro de Saúde no emprazamento previsto pola Corporación Municipal .

2º . Optar polas reformas do Centro de Saúde actual , de modo que se corrixa a carencia máis grave e xa reclamada pola asociación : a instalación dun ascensor que dé acceso á primeira pranta . Asemesmo poderían redistribuírse os espazos e adecentar as dependencias comúns . O actual edificio é amplo dabondo para asumir a asistencia sanitaria a día de hoxe en un futuro .

3º . Asemesmo debería garantirse a estabilidade da asistencia pediátrica os dous días semanais , e a substitución completa das ausencias de todo o persoal sanitario .

Dado o rexeite veciñal , iniciouse unha recollida de firmas , que a día de hoxe suma unhas 500 persoas , coa intención de transmitir a preocupación existente na localidade .

Coa esperanza de que se reconsidere o acordo tomado pola nosa corporación municipal e polos tecicos da Consellería , decidido con demasiadas presas e sin valorar todas as condicións coxunturais , firma a presente o presidente da asociación .

En Escairón , a 6 de xullo do 2016 .



A/A do Excelentísimo Señor Alberto Nuñez Feijoo , Presidente da Xunta de Galicia .